

MAGÁN – A ESCRAVITUDE

(16ª Etapa da VÍA MARIANA)



club vía láctea

Centro Sociocultural Aurelio Aguirre
de Conxo, 1º andar.
(Martes de 18:30 a 21:00h.)

clubvialactea.com

Whatsapp: 604 09 13 25
info@clubvialactea.com

INSCRICIÓN EN:
inscripciones@clubvialactea.com

IG: @clubvialactea
FB: club vía lactea

MAGÁN – A ESCRAVITUDE

05 de setembro de 2026


Unha nova etapa da Vía Mariana que nos levará desde a capela de Santa Lucía, en Magán, ata o Santuario de Nosa Señora da Escravitude. Percorreremos camiños e pistas entre montes e vales, pasando pola capela dos Martores ou de San Mamede, o convento franciscano de San Antonio de Herbón, Padrón e a histórica igrexa de Santa María de Iria Flavia. Un percorrido sinxelo, sen dificultades técnicas, que combina natureza, patrimonio e tradición xacobeá, e que remata aos pés do Santuario da Escravitude.

Unha etapa para gozar do camiño, da paisaxe e de todos eses lugares que iremos descubrindo ao longo da ruta.



SAÍDAS DENTE SANTIAGO:

A SUSANA (MARROZOS): 07:00 H
AV. RODRÍGUEZ DE VIGURI: 07:15 H
RÚA DO HÓRREO: 07:20 H
APARC. DE SANTA MARTA: 07:30 H



Distancia: 22,00 km
Tipo: Lineal
Dificultade: Media
Desnivel: +254 m/-514 m



Antes de inscribirse, preguntar se hai prazas dispoñibles.

Non esperedes a inscribiros aos últimos días.

Grazas pola colaboración.

club vía láctea

SAÍDAS DESDE SANTIAGO DE COMPOSTELA:

- A Susana (Marrozos): 7:00 h
- Avda. Rodríguez de Viguri: 7:15 h.
- Rúa do Hórreo: 7:20 h.
- Estacionamento de Santa Marta: 7:30 h.

SITUACIÓN

A etapa Magán-A Escravitude sitúase entre as provincias de Pontevedra e A Coruña e percorre unha parte da Vía Mariana ligada tamén ao itinerario xacobeo cara a Santiago. Partiremos da capela de Santa Lucía de Arrotea, en Magán, punto de continuidade da etapa anterior, e avanzaremos polo territorio do concello de Valga ata chegar á contorna de Herbón e Padrón, para finalizar no Santuario de Nosa Señora da Escravitude.

Trátase dunha etapa de 21 km, de dificultade baixa e sen especiais esixencias técnicas. O percorrido discorre principalmente por pistas asfaltadas e camiños, alternando algúns tramos de monte. A riqueza da etapa está especialmente na combinación de paisaxe, patrimonio relixioso e tradición xacobeá, con lugares destacados como a capela dos Martores ou de San Mamede, o convento de San Antonio de Herbón, Padrón, Santa María de Iria Flavia e o Santuario da Escravitude.

PERCORRIDO:

Saímos de Magán, da capela de Santa Lucía, seguindo por pista ata chegar, arredor do km 3,53, á capela dos Martores ou de San Mamede, pequena construción de orixe paleocristiana situada no val do río Valga. Desde aquí continuaremos por pistas e camiños, pasando pola contorna da Fonte da Abella, o regato Ferreño, o Agro de Vilariño e Os Martores, para proseguir cara a As Laceiras, o Alto dos Salgueiros, a Pedra da Serpe, Fenteira, Confurco, Morono, A Rocha e A Barca.

O percorrido lévanos ata o río Ulla e Santa María de Herbón, onde se atopa o convento de San Antonio de Herbón, ao que chegaremos aproximadamente no km 12,69. Fundado no século XIV, este lugar está estreitamente vinculado á tradición dos famosos pementos de Padrón e ofrece unha contorna de gran beleza e tranquilidade.

Desde Herbón dirixirémonos cara a Padrón, pasando preto da Casa de Rosalía de Castro e da igrexa de Santiago Apóstolo. Continuaremos despois cara a Santa María de Iria Flavia, no km 16,38, un lugar de gran importancia histórica e xacobeá no que destacan a súa igrexa e as antigas casas dos canónicos, vinculadas á Fundación Camilo José Cela.

A partir de Iria Flavia seguiremos o itinerario do Camiño de Santiago, utilizando as alternativas da Vía Mariana que permiten evitar, na medida do posible, o tránsito pola N-550. Pasaremos pola contorna de Tarrío e Vilar e chegaremos finalmente ao Santuario de Nosa Señora da Escravitude, punto final da etapa.

DE INTERESE

VISITA ao CONVENTO FRANCISCANO DE SAN ANTONIO DE HERBÓN:

As 16:30 h faremos tamén unha visita ao convento de Herbón, acompañados por unha persoa que nos explicará a súa historia e os seus principais elementos.

Para realizar a visita, indícasenos que é necesario facer un pequeno donativo.

Informámolo con antelación para que todos o teñades en conta. 😊

XANTAR en restaurante BUEN CAMINO:

Para as persoas que desexedes comer de restaurante, o menú será o seguinte:
empanada, croquetas caseiras e chipiróns.

Churrasco mixto, leva tenreira e porco, con criollo, patacas e ensalada.

Pan, bebidas, postre e café.

Si alguén non desexa comer carne, pode pedir bacallao á galega.

A hora de apuntavos, indicade se escolledes churrasco ou bacallao

Prezo: 28'00 €

Hora máxima de chegada para comer serían as 15:30 h

O xoves 03, Luz ten que dar a razón do número de comensales


club vía láctea

LOCALIZACIÓN DO BUS NO PUNTO MEDIO DA ETAPA

O punto medio do autobús estará situado na Igrexa de Santa María de Herbón (12 kms), na zona do restaurante Don Manuel.

<https://maps.app.goo.gl/LDRSbfJqfxnM3C2m7>

Desde aquí, podes decidir se prefires coller o autobús ou continuar os 9 kms restantes ata A Escravitude.



Tipo: Lineal

Dificultade: Media

Distancia: 21 km

Desnivel positivo: 254 m


Desnivel negativo: 514 m



18:00 h aprox. Saída do autobús para Santiago de Compostela

NORMAS E RECOMENDACIÓNS:

- Cada persoa irá ao seu ritmo, seguindo a sinalización habitual e identificativa do noso club (cinta laranxa), que será colocada polas persoas da organización encargadas desta tarefa.
- Aínda que haberá persoas da organización en distintas posicións do grupo, recomendamos non camiñar só, trata de ir acompañado por outra persoa que teña o mesmo ritmo ca ti.
- Por motivos de seguridade recordade que debe manterse unha distancia de seguridade que permita o movemento libre das persoas que vaian diante ou detrás e non camiñar agrupados nos tramos complicados que poida ter a ruta.
- Se por calquera motivo chegas a unha encrucillada e non atopas as marcas do club, é posible que te tiveses desviado do camiño que hai que seguir, volve á última marca do club que viches. Se non a atopas ponte en contacto con alguén da organización.
- O encargado de pechar o grupo virá quitando a sinalización do club ao seu paso. Se por algún motivo te vas desviar do camiño é importante que deixes un obxecto (mochila, bastóns,...) no camiño como marca para non quedar sen sinais.
- O club non se fai responsable das persoas que non formen parte do grupo guiado.
- As persoas non autorizadas non poderán manipular en ningún momento a sinalización da organización, sendo unha falta grave. No caso de que por algunha circunstancia fose necesaria repoñela porque a move o vento, a quitase alguén,... informarase previamente á organización.
- En rutas dirixidas por guías externos ao club, rexerémonos polas súas normas.
- Os **bastóns** sempre che serán útiles e en pasos complicados sempre axudan.
- Ven con calzado e roupa axeitada para camiñar segundo a zona e a climatoloxía.
- Se a calor apreta, molla de cando en vez o pescozo, os pulsos e a fronte. [Para esta ocasión teremos un día soleado.](#)
- Nunca está de máis recordar que hai que **coidar a natureza**, non tirar lixo, ir ao baño sen deixar rastro e procurar non facer moito ruído, só deixaremos as nosas pegadas.
- Se algún membro do grupo necesita axuda, ofrecerémoslla dentro das nosas posibilidades, que a **confraternización** sexa a filosofía do noso club.
- O bo funcionamento das nosas saídas será posible grazas á **colaboración de todo o grupo**. Trátase de gozar da natureza, facer exercicio e pasar un día de lecer todo o mellor posible.



vía láctea